

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E PSICOLOGÍA VIRTUAL, SLU, PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE OURENSE DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE)

Santiago de Compostela, a data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común das Administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Dunha parte, **D. Rafael Tourón Estévez**, con DNI nº 76929864Q, en nome e representación de Psicología Virtual, SLU, con CIF nº B94164126, e sede en Lugar de Couso, 7, Santa María de Xeve, 36151, Pontevedra (Pontevedra), actuando en calidade de Administrador Único con poderes que non lle foron derogados nin modificados.

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade legal para a sinatura da presente addenda e

MANIFESTAN

Primeiro.- Que con data 9 de novembro de 2021 todas as partes subscribiron un Convenio de colaboración (en adiante, o "Convenio") para o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab. Ditas actividades de I+D+i lévanse a cabo nas instalacións do Living Lab de Saúde de Ourense, situado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

Segundo.- Que na cláusula decimo sexta do Convenio establécese que a súa vixencia poderá prorrogarse por mutuo acordo entre as partes con suxeición ao establecido no artigo 34.2. da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Á vista do anterior, as partes

ACORDAN

Primeiro.- Prorrogar a duración do Convenio por un ano.

Segundo.- O resto das cláusulas contidas no Convenio permanecerán inalteradas.

E, en proba de conformidade e de aceptación, ambas as partes asinan a presente addenda no



lugar e data indicados.

**Pola Consellería de Sanidade,
Servizo Galego de Saúde
e ACIS**

Por PSICOLOGÍA VIRTUAL, SLU

**Asdo. D. Julio García Comesaña
Conse lleiro de Sanidade**

**Asdo. D. Rafael Tourón Estévez
Administrador Único**

Documento asinado dixitalmente por:
Julio García Comesaña (15/11/2022 19:17)
<https://sede.xunta.gal/cve?dcve=SAOC-E4G4-BOAH-OF4O-TWKJ-YQ2K-MFPK-1166-8536-2264-92>

